



Resolución do 7 de outubro de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regulan os contratos-programa e se establecen as bases para a convocatoria e selección de plans dirixidos á mellora do éxito escolar nos centros docentes públicos de educación infantil, primaria e secundaria dependentes da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional para o curso 2019/20.

A Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, modificou a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, coa finalidade de desenvolver medidas encamiñadas cara a un sistema educativo de calidade que garanta a equidade, a igualdade de oportunidades, a atención á diversidade e que posibilite que cada alumno e cada alumna desenvolva ao máximo as súas potencialidades. No seu artigo 22 determina que a educación secundaria obrigatoria organizárase de acordo cos principios de educación común e de atención á diversidade do alumnado, correspondéndolle ás administracións educativas regular as medidas de atención á diversidade.

O artigo 120 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece que as administracións educativas potenciarán e promoverán a autonomía dos centros, de forma que os seus recursos económicos, materiais e humanos poidan adecuarse aos plans de traballo e organización que elaboren, unha vez que sexan convenientemente avaliados e valorados.

O desenvolvemento lexislativo propio de Galicia afonda neste principio, tanto desde o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade, coma no mesmo desenvolvemento curricular das distintas ensinanzas. Así, tanto o Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, como o Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, poñen en valor o principio de autonomía dos centros, que lles permite desenvolver o seu proxecto educativo, no que se especifican os valores, obxectivos e prioridades de actuación. No proceso para acadar o máximo desenvolvemento da personalidade e das potencialidades do alumnado, a atención á diversidade, a detección temperá e a adopción de medidas de intervención educativa axeitadas a cada alumno ou alumna son elementos esenciais. Neste sentido, a avaliación, tanto a continua como as finais,



constitúe un instrumento básico na mellora dos procesos de ensino e aprendizaxe, que permite unha diagnose para o establecemento das medidas necesarias de atención educativa que se articulen mediante plans específicos de mellora.

Asemade, o Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, determina no artigo 15 que entre as medidas de reforzo poderá considerarse, entre outras, o apoio no grupo ordinario.

Na etapa de educación secundaria o Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, determina no artigo 18 que, coa finalidade de facilitar o tránsito do alumnado entre a educación primaria e o primeiro curso de educación secundaria obrigatoria, a consellería con competencias en materia de educación e, de ser o caso, os centros docentes, poderán agrupar as materias do primeiro curso en ámbitos de coñecemento.

Neste sentido, a iniciativa de contratos-programa trata de constituír un instrumento de apoio aos centros para que, dentro da súa autonomía, poidan desenvolver un plan de mellora no que se poida, en función das necesidades detectadas e do proxecto educativo, potenciar, de forma prioritaria, o desenvolvemento das competencias clave, mellorar a convivencia, reducir as taxas de abandono escolar temperán, promover a igualdade de xénero e a inclusión, afondar no logro da excelencia educativa, así como proporcionar atención educativa para a compensación de desigualdades na educación.

Con este fin, a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional facilita aos centros novos instrumentos que lles permitirán acadar os logros que perseguen. Un deles é o programa REFÓRZA-T, evolución do programa PROA, co que se pretende proporcionar ao alumnado beneficiario alicerces para enfrontarse ás dificultades relacionadas coa aprendizaxe e/ou coa súa inclusión escolar ou social, ao tempo que favorece o desenvolvemento dos elementos transversais do currículo, ampliando o apoio a todas as áreas e materias curriculares impartidas no centro.

Do mesmo xeito, a incorporación na convocatoria 2019/20 de tres novas liñas de actuación que fan referencia aos eixes de Igualdade, Convivencia e Inclusión, de trascendental importancia e repercusión na comunidade educativa e na sociedade en xeral, dá mostra do compromiso da



administración educativa por ofrecer aos centros educativos oportunidades e recursos para desenvolver os seus proxectos coeducativos, inclusivos e igualitarios, e seguir afondando na procura de estratexias para cambiar dinámicas e adoptar enfoques metodolóxicos novidosos .

En definitiva, o fin último é lograr unha educación de calidade para todo o alumnado, desenvolver o máximo posible as súas potencialidades e, xa que logo, contribuír á mellora da calidade do sistema educativo de Galicia.

Sendo así, e para avanzar na traxectoria vinculada ao logro do éxito educativo emprendida en cursos anteriores e seguir reforzando a autonomía dos centros, é necesario establecer unha nova convocatoria de contratos-programa que, aproveitando a experiencia acumulada, facilite a posta en marcha de plans específicos de mellora deseñados polos propios centros para o éxito escolar do seu alumnado.

De acordo co anteriormente exposto, esta dirección xeral RESOLVE

Apartado 1. Obxecto

Esta resolución ten por obxecto regular os contratos-programa e establecer as condicións para desenvolver nos centros docentes públicos plans para a mellora do éxito escolar do alumnado durante o curso escolar 2019/20, así como establecer o procedemento de actuación nas liñas que poden ser obxecto de cofinanciamento polo Fondo Social Europeo, por medio do Programa Operativo FSE Galicia 2014-2020.

Apartado 2. Ámbito de aplicación

Poderán participar nesta convocatoria os seguintes centros docentes públicos:

1. Escolas de educación infantil.
2. Colexios rurais agrupados.
3. Centros de educación infantil e primaria.
4. Centros de educación primaria.
5. Centros de educación especial.
6. Centros públicos integrados.



7. Institutos de educación secundaria.
8. Centros integrados de formación profesional.
9. Centros públicos de educación e promoción de adultos.

Apartado 3. Plan de centro para a mellora do éxito escolar

Os centros deberán elaborar un plan para a mellora do éxito escolar do alumnado, sobre unha ou varias das actuacións establecidas no apartado 5.

Apartado 4. Obxectivos do plan

O plan, en función das actuacións que o integren, deberá ter os seguintes obxectivos:

1. Identificar e dar resposta ás dificultades do alumnado en relación coa aprendizaxe.
2. Lograr un clima de aula e de centro que favoreza o proceso de ensino e aprendizaxe.
3. Favorecer a atención educativa dos colectivos máis vulnerables para mellorar a súa formación e prever os riscos de exclusión social e fracaso escolar.
4. Mellorar o nivel de adquisición das competencias clave de todo o alumnado nas etapas de ensino obrigatorio.
5. Mellorar o éxito escolar e prever o abandono educativo temperán do alumnado.
6. Apoiar a evolución e a integración do alumnado con maior capacidade e motivación para aprender, afondando nos coñecementos dalgún ámbito de coñecemento.
7. Fomentar accións para promover a inclusión, a convivencia e a igualdade no ámbito educativo.
8. Implicar as familias do alumnado na súa educación e nos procesos de ensino e aprendizaxe.
9. Promover a mellora da calidade na xestión dos centros.
10. Lograr a colaboración da administración local e doutras institucións naqueles ámbitos que favorecen a escolarización e a formación da poboación.

Apartado 5. Actuacións do plan

O plan poderá desenvolver as actuacións que se relacionan a continuación, considerando as



necesidades e os intereses do alumnado e centros docentes destinatarios.

1. REFÓRZA-T. Modalidade de acompañamento fóra do horario lectivo.

1.1. Descrición da actuación

Trátase de mellorar o rendemento académico do alumnado con dificultades, por medio do traballo ou apoio organizado, para a adquisición das destrezas básicas que lle faciliten a incorporación plena ao ritmo de traballo ordinario e ás esixencias das diferentes áreas e materias.

1.2. Obxectivo

Incrementar o rendemento escolar deste alumnado mediante:

- a) A adquisición de destrezas que favorezan a aprendizaxe dos coñecementos necesarios na Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT) e na Comunicación lingüística (CCL) das linguas curriculares impartidas no centro.
- b) A integración no proceso de aprendizaxe do alumnado de ferramentas que faciliten a planificación e organización do tempo de estudo, a mellora da comprensión lectora, o fomento do hábito lector e a mellora dos procesos de síntese, entre outras
- c) A aplicación de estratexias metodolóxicas innovadoras que reforcen a inclusión do alumnado no grupo, no centro e na sociedade, fomentando o traballo en equipo e a aprendizaxe cooperativa.
- d) A motivación do alumnado a través da conexión dos seus intereses coas competencias clave.

1.3. Alumnado destinatario

Alumnado con dificultades de motivación na tarefa académica, na aprendizaxe ou no rendemento académico, co fin de acadar os obxectivos e competencias clave do seu currículo de referencia, así como aquel con desvantaxe educativa polo contorno sociocultural no que se desenvolve, por condicións persoais ou de historial escolar, escolarizado nas seguintes ensinanzas:

- a) En 3º, 4º, 5º e 6º de educación primaria dos centros de educación infantil e primaria, dos centros de educación primaria e dos centros públicos integrados. O alumnado que obtivese un nivel insuficiente na avaliación individualizada ao rematar 3º de educación primaria será un obxectivo preferente.



b) En 1º e 2º de educación secundaria obrigatoria e na formación profesional básica dos centros públicos integrados e institutos de educación secundaria.

Cada grupo terá entre 10 e 15 alumnos/as que recibirán clases de reforzo fóra do horario lectivo, catro horas á semana, en sesións de dúas horas, preferentemente en días alternos, impartidas unicamente por profesorado externo de ensino primario. Con carácter xeral, nomearase un único docente por centro a media xornada para atender como mínimo dous grupos.

2. Mellora das competencias clave.

2.1. Descrición da actuación

Esta actuación incorporará aquelas medidas que incidan na mellora das seguintes competencias clave: Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT) e Comunicación lingüística (CCL) das linguas curriculares impartidas no centro.

Respecto á mellora da competencia Comunicación Lingüística, consideraranse as medidas metodolóxicas para impartir o Currículo Integrado das Linguas incluídas no Proxecto Lingüístico de Centro.

As medidas incluídas nesta actuación serán desenvolvidas por profesorado do centro dentro do horario lectivo.

2.2. Obxectivos

- a) Mellorar a competencia matemática, as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía e a competencia en comunicación lingüística.
- b) Identificar as dificultades e os problemas do alumnado en relación coas técnicas instrumentais básicas e fomentar o seu seguimento, intervención e mellora nas anteditas competencias.
- c) Elevar os niveis de éxito escolar.

2.3. Alumnado destinatario

Todo o alumnado de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de formación profesional básica. Será un obxectivo preferente o alumnado que obtivese un nivel insuficiente na avaliación individualizada ao rematar 3º de educación primaria.

3. IGUÁLA-T.

3.1. Descrición da actuación

Desenvolveranse accións que interveñan no fomento da coeducación, promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, prevención e tratamento da violencia de xénero, promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual, prevención e tratamento da LGBTIfobia e outras medidas semellantes.

3.2. Obxectivos

- a) Desenvolver na escola os valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres, así como a prevención da violencia de xénero ou de actitudes e comportamento discriminatorios pola orientación sexual ou a identidade de xénero.
- b) Propiciar dinámicas para identificar, analizar e rexeitar situacións de abuso, marxinação e discriminación por razón de xénero na vida cotiá do alumnado e noutras realidades, participando, na medida das posibilidades, en iniciativas que busquen cambiar estas situacións.

3.3. Alumnado destinatario

Alumnado escolarizado nos centros que se relacionan no apartado 2 desta Resolución.

4. CON-VIVE.

4.1. Descrición da actuación

Desenvolveranse medidas que favorezan o clima escolar e as relacións entre os membros da comunidade educativa, actuacións preventivas de condutas violentas ou discriminatorias, actuacións de acollida nos centros educativos, a conciliación ou mediación escolar, a xestión de conflitos, a mellora da intelixencia emocional, e outras accións similares.

4.2. Obxectivos

- a) Identificar as incidencias relacionadas coa convivencia no seo da comunidade educativa.
- b) Promover un axeitado clima de aula e de centro, considerando as relacións globais entre o profesorado, o alumnado e entre os dous colectivos.
- c) Estimular as competencias emocionais no alumnado (obradoiros de habilidades sociais, de



autoconhecimento e outros similares).

d) Mellorar a competencia social e cívica (CSC).

e) Impulsar a participación colaborativa das familias e doutras institucións e entidades na mellora da convivencia escolar.

f) Promover medidas que fomenten a convivencia positiva.

4.3. Alumnado destinatario

Alumnado escolarizado nos centros que se relacionan no apartado 2 desta Resolución.

5. INCLÚE-T

5.1. Descrición da actuación

Desenvolveranse medidas que fomenten e melloren a inclusión no centro dirixidas: á atención á diversidade, á inclusión educativa do alumnado, á colaboración con asociacións que traballan na diversidade funcional, ao fomento de recreos igualitarios e inclusivos, ao desenvolvemento de dinámicas de traballo cooperativo e á creación de escolas de nais e pais, e outras medidas semellantes.

5.2. Obxectivos

a) Favorecer a inclusión dos colectivos máis desfavorecidos, como o alumnado inmigrante, o retornado ou que está en risco de exclusión social.

b) Promover medidas que fomenten a inclusión, desenvolvendo estratexias referidas á inclusión e a equidade educativa.

5.3. Alumnado destinatario

Alumnado escolarizado nos centros que se relacionan no apartado 2 desta Resolución.

6. *Prevención do abandono temperán e do absentismo escolar.*

6.1. Descrición da actuación

Desenvolveranse medidas específicas nos centros con menor índice de titulación e/ou promoción na educación secundaria. Así mesmo intervírase naqueles centros de primaria e secundaria con maiores

taxas de abandono escolar temperán e absentismo co fin de reducilas.

6.2. Obxectivos

- a) Atender o alumnado con menor motivación e capacidade para aprender, de xeito que se lle ofrezan respostas adaptadas ás súas posibilidades e aos seus intereses, para seguir avanzando na súa aprendizaxe, diminuíndo o risco de abandono ou desinterese.
- b) Identificar as dificultades do alumnado relacionadas co seu estilo de aprendizaxe e desenvolver hábitos e técnicas de traballo intelectual.
- c) Mellorar a adquisición das competencias clave no alumnado en risco de abandono escolar temperán.
- d) Aumentar as posibilidades de éxito escolar no ensino obrigatorio.
- e) Fomentar a participación de todo o alumnado nas actividades do centro, potenciando a motivación e o interese por continuar os seus estudos.
- f) Impulsar a coordinación entre organizacións e institucións da contorna para diminuír o abandono escolar temperán.

6.3. Alumnado destinatario

Alumnado de ensino primario e secundario que presente risco de abandono escolar temperán ou de absentismo escolar.

7. Mellora do nivel de coñecementos para acadar a excelencia.

7.1. Descrición da actuación

Con esta actuación trátase de dar resposta ao alumnado con maior motivación para aprender. Supón unha medida de atención á diversidade na que se desenvolverán iniciativas de afondamento nos coñecementos do alumnado. Poderá integrar alumnado dos centros docentes da contorna.

Estas medidas traduciranse na planificación de diferentes obradoiros nos que ao longo do curso se traballará de forma cooperativa nun proxecto co fin de obter un produto final. Pódense canalizar a través desta vía as semanas culturais ou científicas, a participación en programas educativos externos ao centro e, en xeral, o traballo por proxectos.



7.2. Obxectivos

- a) Atender o alumnado con maior motivación para aprender ofrecéndolle respostas adaptadas ás súas posibilidades e intereses para avanzar no seu aprendizaxe e na adquisición de competencias.
- b) Mellorar os niveis de rendemento e os resultados deste alumnado para desenvolver ao máximo o seu potencial de aprendizaxe e elevar os niveis de excelencia do sistema educativo.
- c) Potenciar a adquisición de competencias por medio do traballo por proxectos.
- d) Introducir ou desenvolver o traballo cooperativo coma metodoloxía de mellora da calidade educativa en xeral, e optimizadora da aprendizaxe do alumnado, en particular.

7.3. Destinatarios

Centros docentes relacionados no apartado 2, que desexen promover a excelencia e que conten con alumnado escolarizado que presenta unha destacada motivación para aprender.

8. Mellora da calidade na xestión dos centros.

8.1. Descrición da actuación

Conxunto de medidas ou actividades para mellorar a xestión dos centros docentes baseadas na avaliación dos procedementos que se desenvolven neles.

8.2. Obxectivos

- a) Promover a mellora da calidade da educación por medio da mellora da calidade na xestión administrativa.
- b) Implantación efectiva dun sistema de xestión de calidade de cara á súa certificación.
- c) Desenvolver un modelo de xestión que permita estandarizar procedementos comúns dos centros.
- d) Facilitar a introdución de boas prácticas de xestión educativa.

8.3 Destinatarios

Os centros relacionados no apartado 2 desta Resolución, agás os centros integrados de formación profesional.

9. Reforzo de competencias clave en 3º e 4º de ESO. Modalidade de acompañamento fóra do

horario lectivo.

9.1 Descrición da actuación

Supón a creación de dous grupos de reforzo da Competencia matemática (PREMAT), da competencia Comunicación lingüística das linguas curriculares impartidas no centro (PRELIN) ou das competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (PRETEC).

9.2. Obxectivo

Mellorar o rendemento académico nestas competencias do alumnado beneficiario.

9.3. Alumnado destinatario

Alumnado de 3º e 4º de educación secundaria obrigatoria que presenta baixo rendemento académico.

Cada grupo terá entre 5 e 10 alumnos/as que recibirán clases de reforzo fóra do horario lectivo, catro horas á semana, en sesións de dúas horas, preferentemente en días alternos, impartidas por profesorado externo de ensino secundario do ámbito de coñecemento solicitado. Soamente se nomeará, con carácter xeral, un único docente a media xornada por centro para atender dous grupos, polo que o centro deberá elixir un único ámbito de coñecemento.

Apartado 6. Elaboración do plan e requisitos

1. O plan que elabore o centro para a mellora do éxito escolar do alumnado concretará as medidas que se pretenden desenvolver nas actuacións que se establecen no apartado 5, e identificará para cada unha delas, polo menos, os seguintes aspectos:

- a) Razóns que xustifican a actuación, cos datos que procedan.
- b) Obxectivos que se propoñen. Para a súa concreción consideraranse entre outros os seguintes aspectos:
 - Taxa de éxito escolar nos distintos niveis ou etapas.
 - Idoneidade do alumnado para cada un dos niveis de ensino obrigatorio.
 - Análise das necesidades educativas e socioeconómicas do centro.
 - Datos de inserción laboral, se procede.



- Resultados dos sistemas de xestión da calidade, se é o caso.

c) Medidas que se pretenden desenvolver e a súa temporización. Deberán ser concretas, innovadoras e orientadas aos obxectivos propostos. As medidas poderán supoñer as seguintes singularidades:

- Horario de apertura e peche do centro.
- Organización do currículo.
- Organización e características dos recursos humanos.
- Necesidades de formación do profesorado.
- Asignación e/ou distribución de recursos materiais.
- Modelo de xestión organizativa e pedagóxica que requiran as medidas.

d) Estratexias de coordinación entre centros na transición do alumnado de educación primaria a educación secundaria obrigatoria, se é o caso.

e) Implicación das familias do alumnado, doutras institucións e de empresas, se é o caso.

f) Colaboración da administración local e doutras administracións, se é o caso.

g) Necesidade de novos recursos que implica a actuación, temporizados.

h) Proceso de seguimento e avaliación interna que se vai realizar de cada unha das actuacións.

i) Indicadores

j) Recursos para o desenvolvemento das actuacións:

Para as liñas 1 e 9, os centros poderán solicitar gastos de funcionamento e, de ser necesario, gastos de transporte do alumnado beneficiario. Ademais poderase gratificar o profesorado do centro que exerza labores de coordinación do programa.

Para o resto das liñas de actuación os centros poderán solicitar gastos de funcionamento, cuxa xustificación respectará a normativa correspondente e as instrucións que determine esta administración.

As actividades e medidas propostas en contratos-programa que coincidan coas desenvolvidas por medio doutros plans ou programas promovidos por esta consellería non poderán ser obxecto de

financiamento adicional.

2. O plan será elaborado polo equipo directivo que, previamente, deberá realizar unha análise sobre os procesos que se veñen desenvolvendo no centro para identificar as súas fortalezas e debilidades.

3. A solicitude de participación no contrato-programa deberá ser valorada polo claustro e o consello escolar/social, cuxa valoración será recollida na aplicación informática de contratos-programa, sendo requisito imprescindible para a creación da solicitude.

Será responsabilidade da dirección do centro a aprobación da participación neste programa e o cumprimento do contrato nas liñas de actuación nas que se participe, así como a difusión entre a comunidade educativa informando o consello escolar/social e o claustro do seu desenvolvemento.

4. A inspección educativa informará a solicitude a través da aplicación específica de contratos-programa.

Apartado 7. Compromisos de carácter xeral

O centro docente co que se acorde o desenvolvemento dun plan de mellora do éxito escolar, ademais dos compromisos consecuencia das actuacións que constan nel, deberá asumir os seguintes:

1. Realizar un seguimento periódico das actuacións previstas no plan, cando menos con carácter trimestral, e reflectir documentalmente as circunstancias e os resultados acadados.

2. Recollerase a planificación e avaliación do programa na Programación Xeral Anual (PXA), así como na memoria final. No caso de que a PXA xa estivese aprobada, deberase aprobar unha modificación ou addenda desta que recolla a participación do centro en cada unha das liñas concedidas.

3. O equipo directivo e o persoal docente implicado terá que participar nas actividades de formación que se planifiquen tanto desde o centro como desde a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

4. A selección dos centros realizada ao amparo desta Resolución publicárase na páxina web da Consellería.

Apartado 8. Actuacións de carácter xeral da Administración educativa

A Administración educativa, na procura da mellora do sistema educativo, desenvolverá nos centros cos que acorde a implantación dos plans previstos nesta resolución, actuacións como as que seguen:

1. Apoio aos centros e ao profesorado.

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional daralle apoio específico aos centros docentes que desenvolvan plans dos previstos nesta resolución, polo menos, nos seguintes aspectos:

- a) Asesoramento a través dos servizos de inspección educativa.
- b) Asesoramento e asistencia de servizos específicos da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, tales como persoal, orientación, formación do profesorado e xestión económica, entre outros.
- c) Formación específica ao equipo directivo e ao profesorado implicado no plan, de ser o caso.
- d) Potenciación do traballo en rede dos centros docentes para o intercambio de coñecementos e experiencias.

2. Difusión das boas prácticas que se desenvolvan nos centros docentes.

As boas prácticas identificadas no desenvolvemento dos plans nos diferentes centros poderán ser divulgadas, en colaboración cos propios centros docentes, co fin de constituír modelos de referencia de organización e xestión destes.

3. Recursos.

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, dentro das súas dispoñibilidades orzamentarias, dotará os centros de recursos específicos para o desenvolvemento do plan acordado, se é o caso.

4. Obrigas relativas ao PO FSE (Programa Operativo Fondo Social Europeo).

Os beneficiarios asumen a responsabilidade de adoptar as medidas necesarias para facer chegar ao público información sobre as operacións financiadas polo PO FSE de acordo co estipulado no artigo 2.2 do Anexo XII do Regulamento (UE) 1303/2013)

Os centros participantes nas liñas da actual convocatoria de contratos-programa que poidan ser obxecto de cofinanciamento polo FSE deberán asumir os requisitos relativos ao financiamento



derivados da participación nesta iniciativa establecida no Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e o Consello, de 17 de decembro de 2013.

Esta resolución supón a súa aceptación para ser incluído na lista pública que se recolle no artigo 115, apartado 2 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 decembro de 2013

Apartado 9. Proceso e prazo de solicitude

1. Todo o procedemento de solicitude realizarase a través da aplicación informática <https://www.edu.xunta.es/programaseducativos/>. A persoa responsable da dirección do centro será quen terá o permiso de creación da solicitude. Unha vez creada, cuberta e presentada a solicitude, a aplicación xerará tres anexos (Anexos I, II e III) que deberán ser asinados e custodiados no centro, entendéndose con este trámite por rematado o procedemento de solicitude. O documento que recolla o plan para a mellora do éxito escolar terá que ser cuberto igualmente na aplicación de contratos-programa, non tendo que remitilo por ningunha vía.

2. Presentada a solicitude e o plan, examínase para comprobar se reúne os requisitos esixidos. En caso contrario, requírese o solicitante para que emende e/ou complete os datos que falten co fin de axustar a solicitude aos requirimentos da convocatoria.

3. O prazo de presentación de solicitudes e do plan de mellora comeza o día seguinte ao da publicación da Resolución no portal educativo e rematará o 25 de outubro de 2019, inclusive.

Apartado 10. Criterios de selección dos plans

1. Darase prioridade aos plans específicos de mellora elaborados a partir da análise dos resultados obtidos polo alumnado na avaliación individualizada de 3º de educación primaria, agás nos centros docentes que non contan con estas ensinanzas, recollida no artigo 20.3 e 21.1 da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio de educación.

2. Os plans que se autoricen serán seleccionados conforme aos seguintes criterios:

a) Centros con taxas baixas de éxito escolar e/ou índices altos de abandono temperán e absentismo escolar.

b) A concreción e viabilidade dos obxectivos que se pretenden acadar, das accións previstas e do

proceso de avaliación.

- c) O grao de implicación do profesorado dos centros participantes nas diversas actuacións do contrato-programa.
- d) A coordinación e implicación dos centros adscritos, ou aos que están adscritos, para a transición do alumnado desde a educación primaria á educación secundaria obrigatoria.
- e) Centros con baixos resultados académicos, asociados a problemas de convivencia no centro, sempre que se solicite esa actuación no plan.
- f) A implicación das familias, do concello e doutras institucións para o desenvolvemento do plan.
- g) A participación do centro en programas ou proxectos de innovación nos últimos tres cursos.
- h) A traxectoria do centro na iniciativa de contratos-programa, con avaliación positiva por parte da comisión de seguimento, así como os resultados obtidos e impacto sobre a calidade educativa do programa no centro.
- i) A calidade do proxecto presentado para a participación no programa, que cumpra cos requisitos da convocatoria.
- j) Informe favorable da inspección educativa.

Apartado 11. Comisión de selección

1. Baixo a presidencia da persoa titular da Subdirección Xeral de Ordenación, Innovación Educativa e Formación do Profesorado constituirase unha comisión de selección que se encargará de valorar as solicitudes.
2. A comisión estará integrada polas persoas titulares da Subdirección Xeral de Inspección, Avaliación e Calidade do Sistema Educativo, da Subdirección Xeral de Recursos Humanos e da Subdirección Xeral de Centros, os/as inspectores/as xefes do Servizo Territorial de Inspección Educativa, a persoa titular da xefatura do Servizo de Ordenación, Convivencia e Participación Educativa, e dúas persoas asesoras da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, unha delas realizará as funcións de secretaría. As persoas subdirectoras poderán ser substituídas por xefes/as de servizo, se é o caso.
3. A comisión poderá dispoñer a constitución dunha comisión técnica, integrada por persoas



asesoras da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, para efectos de elaboración de informes sobre os plans de actuación presentados.

4. A percepción de asistencias destas comisións atenderá á categoría correspondente segundo o disposto no Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón do servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia.

Apartado 12. Procedemento de selección dos plans de mellora

1. A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, á vista dos plans presentados polos centros, seleccionará aqueles que, respondendo aos requisitos establecidos nesta convocatoria, sexan viables na súa execución e no marco dos recursos dispoñibles.

2. A comisión de selección concretará cos centros docentes todos aqueles aspectos dos plans seleccionados que se plasmarán no contrato-programa.

Apartado 13. Resolución

1. Unha vez rematado o procedemento de selección dos plans e realizada a concreción dos contratos-programa, a comisión fará pública a resolución provisoria, que se difundirá no portal educativo (<http://www.edu.xunta.gal/portal>).

2. A publicación da resolución provisional abrirá un prazo de cinco días hábiles para efectuar reclamacións ou renuncias que deberán presentarse no enderezo electrónico programaseducativos@edu.xunta.es.

Transcorrido este prazo, unha vez estudadas e, se é o caso, atendidas as mencionadas reclamacións e/ou renuncias, a comisión seleccionadora elevará a proposta definitiva á persoa titular da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa que resolverá a relación final dos plans seleccionados.

3. A resolución definitiva dos centros seleccionados publicarase no portal educativo (<http://www.edu.xunta.gal/portal>).

4. Contra esta resolución poderán interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no portal educativo, de acordo co disposto nos artigos



121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

5. O prazo máximo para resolver este procedemento será de tres meses. Se transcorrese o citado prazo sen que recaese resolución expresa, os interesados poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

Apartado 14. Formalización do contrato-programa

Os centros que sexan autorizados para o desenvolvemento dun plan de mellora asinarán coa Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional un contrato-programa, que recolla as actuacións do plan e os acordos entre o centro e a consellería.

O contrato-programa explicitará, cando menos, o seguinte:

- a) Os obxectivos que se perseguen, mediante os indicadores acordados, para cada actuación.
- b) As actuacións que se inclúen no plan.
- c) Os compromisos do centro docente.
- d) As actuacións e achegas da Administración educativa.
- e) A comisión de seguimento.
- f) Actuacións específicas e obrigas derivadas do cofinanciamento polo FSE e gastos subvencionables nas liñas de contratos-programa que poidan ser obxecto de cofinanciamento polo FSE.

Apartado 15. Seguimento e avaliación do contrato-programa

1. O equipo directivo do centro supervisará o desenvolvemento do plan de mellora conforme ao proceso de seguimento e avaliación interna previsto nel e dará conta aos órganos de participación e goberno, aos pais, nais ou tutores/as legais, así como ás institucións que participan nel.

2. A inspección educativa realizará, ao longo de cada curso académico, o seguimento e a avaliación das diferentes actuacións previstas no plan, e deberá informar no caso que lle sexa solicitado pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

3. Para o seguimento do plan de mellora establecerase unha comisión de seguimento do acordo

entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e o centro docente. Esta comisión estará integrada por representantes da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, da dirección do centro docente e o inspector ou inspectora do centro.

4. A comisión estará presidida por un representante da Administración educativa e reunirse, no seu caso, a instancias dela. Esta comisión ten as funcións seguintes:

a) Facer o seguimento e a avaliación da execución do acordo a partir da información que facilita o centro docente e a inspección educativa.

b) Analizar o grao de consecución dos obxectivos e compromisos acordados a través dos indicadores establecidos.

c) Formular propostas de modificación dos recursos en relación co desenvolvemento do plan.

d) Propor as modificacións que se consideren necesarias nos obxectivos, nas actuacións e nas medidas acordadas para a continuidade do plan ou a súa supresión, se é o caso.

5. A avaliación do plan realizada polo centro docente reflectirase nunha memoria final de realización obrigatoria que, ademais de servir para dar conta ante a comunidade educativa, porase á disposición da comisión de seguimento do acordo e incluírase, así mesmo, na memoria anual do centro. Esta memoria cubrirase directamente na aplicación de contratos-programa no prazo establecido ao efecto, e deberá incorporar (a través de ligazóns, imaxes...) mostras do produto final acadado que permitan constatar o desenvolvemento axeitado do plan. Non será necesario enviar a memoria por ningún outro medio.

6. O centro docente ten que certificar o valor conseguido nos indicadores que establece o acordo e achegar a documentación que lle sexa requirida pola comisión de seguimento.

Apartado 16. Certificación de participación

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional certificará, cumpridos os requisitos establecidos na convocatoria, a participación do profesorado directamente implicado no plan de mellora como actividade de innovación educativa con 20 horas de formación do profesorado. Esta certificación estará supeditada á avaliación positiva da memoria e á participación activa nas accións desenvolvidas.



A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional difundirá, se procede, as boas prácticas derivadas da aplicación dos plans de mellora en función dos resultados do seu seguimento e avaliación.

Apartado 17. Información básica sobre protección de datos de carácter persoal

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia, Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da carpeta do cidadán.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme á normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de procedementos e servizos, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas e esta circunstancia reflectirase no devandito formulario.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas, organismos e/ou entidades que participan neste plan no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

Santiago de Compostela, 7 de outubro de 2019


Manuel Corredoira López



Director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa